

ODA PRA ANXEL FOLE

Lema: Manolo do Grilo

Ourive da palabra anterga recollida  
na fraga do Caurel ou nos verdecetes  
recantos da Veiguiña; testemuña  
de medos tremebundos do alén  
que, na noite inverniza, " á lus do candil",  
mistúranse coas sombras estarrecedoras  
da cociña terrea;  
ilustre bardo que escribiches  
a epopeia inmortal dunha "terra brava"  
na que se xungen en simbiosis ancestral  
arrepiantes oubeos que entalan o peito,  
o ruxir da arroiada treboenta,  
o abafante caldo do mes da sega  
e o ledó agromar da farturenta primaveira;  
intérprete varil da voz <sup>dun</sup> do pobo  
nobre e sinxelo, merecente  
do teu verbo xenial !

Lucencio, Eginardo de Tor, Magister Gaudiosus,  
Basiliense, Farruco de Caldas, Vicense,  
Lucus, Don Fabulón.....

Qué ventureira restrá de nomes lucidífos  
- polas vizosas do mesmo carballo -  
xurdiron do "alter ego" de Fole,  
arqueólogo da língua, señor de Basille,  
de Romeán e de Córneas, de Quiroga e de Arcos !

Inspirado poeta de armonías musicáis  
 que nacen no máis íntimo  
 do teu espírito xeneroso e puro  
 como auga da outa serra;  
 enxebre narrador de "historias que ninguén cré"  
 adubiadas no cruxol do misterio  
 e de "contos da néboa" da Galicia eterna  
 que levas crabuñada no teu peito nobre !

Anxel Fole, dador de vida, alma e sangue  
 a tres xeneracións, que viven  
 no "cartafolio de Lugo",  
 sigue, Mestre, a falarnos de etimoloxías,  
 do primeiro cinema, do Papaovos,  
 do aviador Garnier, de Xan de Forcados,  
 do primeiro teléfono,  
 dos poemas de Yunque e non esquenzas,  
 sí señor, o "pauto do demo"  
 que, xa sabes, na nosa Terra ó demo,  
 polo sí ou polo non,  
 hai que prenderlle unha vela !

.....

-----

.....

-